

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 29 DE OUTUBRO DE 2009, POLA
QUE SE CONVOCA UNHA BOLSA DE COLABORACIÓN (DE
SEIS MESES) NAS ACCIÓNS DE INNOVACIÓN E MELLORA DA
CALIDADE NA FAC DE CC DE EDUCACIÓN DO
CAMPUS DE OURENSE**

Unha vez asinado o Acordo para o Financiamento de Accións de Mellora, no que se define a necesidade de apoio e colaboración para o Deseño e aprobación do Sistema de Garantía de Calidade do Centro (Manual e Procedementos), no marco da 2ª convocatoria do Programa FIDES-AUDIT,

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 200900024418

29/10/09 09:28:45

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1.-Convocar unha bolsa de colaboración para o apoio nas devanditas actividades na Fac. de CC de Educación (OU).

A presente convocatoria, xunto coas bases que a regulan, serán expostas, polo menos, no taboleiro de anuncios de dito centro.

2.-Os fondos destinados a esta acción irán a cargo da partida orzamentaria **2009 001C 421S 482.24** para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

3.- A presente convocatoria permanecerá aberta ata as **14:00 horas do día 13 de novembro de 2009**

O modelo oficial de solicitude atópase na seguinte dirección onde é necesario rexistrarse: <http://vicntc.uvigo.es/bolsas>.

As bolsas solicitaranse **dende o día 30 de outubro de 2009 ata as 14:00 horas do día 13 de novembro de 2009**, presentando a documentación requirida nos lugares indicados na normativa. No caso de que o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ata o hábil seguinte.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa*.

Así e todo, os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución **Recurso de Reposición**, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo, antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na *Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común*

Vigo, a 29de outubro de 2009

O REITOR,

Alberto Gago Rodríguez



BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DUNHA BOLSA DE COLABORACIÓN NAS ACCIÓNS DE INNOVACIÓN DOCENTE E MELLORA DA CALIDADE NA FAC DE CC DE EDUCACIÓN

CURSO 2009-2010

1.- REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

Poderán participar na presente convocatoria os estudantes da Universidade de Vigo, preferentemente Fac. de CC de Educación (OU) que estean matriculados no Curso **2009-2010**

Os candidatos/as deberán posuír preferentemente:

1. Coñecementos e experiencia no desenvolvemento de sistemas de xestión da Calidade.
2. Dominio no manexo de ferramentas ofimáticas (MS-Office)
3. Programación para Internet HTML.
4. Iniciativa propia e capacidade de integración en equipo de traballo.
5. Ter cursadas materias relacionadas coa calidade na educación e nos Servicios Sociais

2- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O impreso de solicitude atoparano na páxina: <http://vicntc.uvigo.es/bolsas>.

O prazo de presentación de solicitudes remata ás 14:00 horas do día 13 de novembro de 2009. O impreso debidamente coberto, e acompañado de currículo actualizado e expediente académico, pode ser entregado nos rexistros dos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

3.- SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A selección dos/as beneficiarios/as das bolsas será efectuada por unha Comisión formada por:

- A Decana da Fac. de CC de Educación (OU)
- Dous membros da Comisión de Garantía de Calidade da Fac. de CC de Educación (OU)

Os criterios de selección a aplicar pola Comisión serán os establecidos no punto 1 desta convocatoria.

En igualdade de condicións nos requisitos anteriores, mellor nota media do expediente académico.

A Comisión reservarase o dereito de realizar e valorar unha entrevista persoal cos/as candidatos/as.

Os candidatos que non obtiveran bolsa serán ordenados por orde de preferencia, constituíndo unha lista de agarda para cubrir posibles baixas. A adxudicación da/s bolsa/s farase por Resolución Reitoral, sendo notificada directamente pola Decana da Fac. de CC de Educación (OU) á persoa beneficiaria.

4.-DURACIÓN DA BOLSA

A bolsa será adxudicada por un período de 6 meses

5.- OBRIGAS

Serán obrigas do/a bolseiro/a:

- a) A dedicación semanal para a realización das actividades de apoio será de 20h.
- b) Levar a cabo e finalizar, no momento que se determine, a realización das actividades propostas.
- c) Colaborar en todo momento co Equipo Decanal do Centro, de cara a realizar o proceso coa máxima eficacia e fiabilidade.
- d) Colaborar en todo momento coa Área de Calidade da Universidade de Vigo nos asuntos relacionados co apoio prestado pola bolsa de colaboración.

6.- CONTÍA E PROCEDEMENTO DE PAGO

A contía total de cada bolsa será de 2160 €, a pagar en tres veces a razón de 720€ ao final dos dous primeiros meses e 1080 € ao final dos tres meses seguintes e finalmente 360€ ao concluír o último mes (que completa o total de seis)

Ao remate cada un destes períodos, a Decana da Fac. de CC de Educación (OU) deberá emitir fai constar da conformidade da colaboración.

7.- RENUNCIA

A renuncia ao desfrute da bolsa deberá ser comunicada por escrito á Decana da Fac. de CC de Educación (OU) con 15 días de antelación, e dará lugar ao aboamento da cantidade correspondente ao mes ou meses de colaboración efectiva.

O posto vacante será ofertado aos candidatos da lista de agarda.

8.- REVOGACIÓN

O incumprimento total ou parcial de calquera das condición e das obrigas establecidas na presente convocatoria será causa determinante de revogación da axuda e do reintegro das cantidades incorrectamente abonadas por parte da persoa beneficiaria, no seu caso.

9.- NATUREZA DA RELACIÓN DO BOLSEIRO OU BOLSEIRA

Os bolseiros non adquiren ningunha relación contractual administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo, nin a bolsa implica compromiso en canto á posterior incorporación dos interesados aos cadros de persoal da Universidade.